

a Privatización Prexudica a túa Saúde



HOSPITAL PÚBLICO XA!!!

UN POUCO DE HISTORIA.....

As necesidades de atención hospitalaria dos máis de 600 mil habitantes da comarca de Vigo víronse desatendidas desde que o Hospital Xeral quedou pequeno a principios dos anos 70. Desde entón, os intentos de dar satisfacción a esas necesidades, víronse frustrados pola influencia que tivo un coñecido hospital privado da nosa cidade, que temía no desenvolvemento da sanidade pública, unha diminución da súa influencia e do seu negocio sanitario.

Así se renunciou nos anos setenta a ampliar o hospital Xeral nos terreos situados alén da rúa Vázquez Varela, e nos oitenta frustrouse que o hospital do Meixoeiro fose o gran hospital que estaba programado, quedándose insuficiente xa no momento da súa inauguración.

O resultado destas carencias de camas e de servizos foi que este hospital privado, recollese os froitos do que sementou, conseguindo a atención dos mais de cen mil habitantes do Morrazo, de barrios de Vigo e do Val Miñor, atención que o SERGAS paga.

Unha situación insólita en España

A DEMANDA DUN NOVO E GRAN HOSPITAL.

Desde finais dos anos noventa a *Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública de Vigo* liderou a oposición a MEDTEC, e a demanda dun novo gran hospital en Vigo que acabase coa dispersión da atención en varios centros, devolvese á cidadanía atendida no hospital privado o dereito a ser atendida nun moderno hospital público, mellorase a calidade da atención, e da importante investigación, especialmente das enfermidades cancerosas que carecen dun centro líder en Galicia.

O NOVO HOSPITAL, LISTO PARA INICIAR AS OBRAS.

O anterior goberno dissolveu MEDTEC e deu os pasos imprescindibles para dar satisfacción, por fin, tras case cincuenta anos, a esa xusta e sentida demanda.

Ao chegar á Xunta o equipo do PP, o NOVO HOSPITAL de VIGO estaba listo para que se licitase o concurso para a súa construción.

UN HOSPITAL NECESARIO, DESEÑADO POR QUENES SABEN.

Foi planificado conxuntamente cos arquitectos por médicos, enfermeiras e persoal administrativo de todos os servizos.

Pode dicirse que por primeira vez en Galicia, o futuro Novo Hospital de Vigo, era o resultado do consenso e da suma de vontades.

UNHA GRAN FRUSTACIÓN E ENGANO Á CIDADANÍA VIGUESA.

Agora o novo equipo de goberno frustra novamente estes desexos e realidades recortando o novo hospital –eles din mellorándoo- e someténdoo novamente, de varios xeitos, aos intereses do coñecido hospital privado.

¿Atreveríase a Consellería de Sanidade a promover isto mesmo en A Coruña ou en Santiago?

O NOVO HOSPITAL SERÁ MÁIS PEQUEÑO.

Cunhas 380 camas menos das do proxecto aprobado, teremos unha carencia que obrigará aos usuarios da comarca a continuar dependendo do hospital privado, a pesar de ter os mesmos dereitos que o resto dos usuarios de Galicia.

O negocio da saúde que se perpetúa agora no século XXI.

NON SERÁ UN HOSPITAL CENTRAL.

Un gran hospital só debe ter **un gran servizo de urxencias** para ser tal. E o novo plan admite que os usuarios da Sanidade Pública ingresen por outro servizo de urxencias no hospital privado.

MANTEÑEN A ACTUAL DISPERSIÓN.

No lugar dun gran hospital, manteñen pequenos hospitais, algo negativo que o goberno disfrazo de positivo chamándoo modelo de “multihospital”.

NON SÓ PEQUENO E INSUFICIENTE TAMÉN PRIVATIZADO

A pesar de que o goberno saínte orzamentara o hospital e dispuxera que o seu pago o efectuáse a *SPI (Sociedade Publica de Investimentos)*, a Xunta agora alega que non ten diñeiro.

Teno para continuar proxectos de dubidoso interese como algún superporto, para a Cidade da Cultura, para o ensino privado, pero ten a impudicia de afirmar que non o ten para o Novo Hospital de Vigo.

ASÍ QUE NON HAI DIÑEIRO PARA A SANIDADE.....?

Néganllo á infraestrutura sanitaria máis necesaria de Galicia desde hai moitos anos. Unha escandalosa mostra da discriminación á que se somete á cidadanía que mais impostos achega ao goberno de Galicia. O diñeiro do Novo Hospital de Vigo lévano entregando desde fai anos, día a día vía impostos, os empregados, os profesionais e as empresas da nosa industriosa e emprendedora comarca.

Ti, eu e e...todos..... Pagámolo xa e esixímolo xa.

A COBIZA DA SANIDADE PRIVADA E A COMPLICIDADE DA XUNTA.

O que realmente sucede é que o recorte de camas que lles asegura o negocio privado, parécelles aínda insuficiente. Desexan que o financiamento e a propiedade privada do novo hospital incrementen aínda máis os beneficios privados, a expensas dos fondos que por impostos achegamos nós, e os que chegarán durante anos os nosos fillos e fillas.

Por iso pon á fronte do SERGAS a unha persoa do equipo desa empresa privada: A raposa ao coidado das galiñas.

QUE SIGNIFICA A PFI OU INICIATIVA DE FINANCIAMENTO PRIVADO?.

Pretenden que o hospital o constrúa una asociación de empresas constituída por un banco, unha gran construtora e unha empresa sanitaria da comarca.

A estas empresas o SERGAS pagaríalles unha elevada cantidade ao longo dos trinta anos seguintes á súa inauguración. Multiplícase así o custo estimado de 360 millóns de euros por unhas seis ou sete veces, ata un monto total superior aos 2.500 millóns de euros. Durante todo ese tempo o hospital non pertencerá ao SERGAS, que estará como alugado.

MAIS CARO, MAIS TEMPO E ENCIMA..... NON É NOSO.

Este xeito de dar diñeiro á iniciativa privada empezou no Reino Unido e denomínase **PFI** ou **Iniciativa de Financiamento Privado** e foi importado polo goberno de Esperanza Aguirre á Sanidade Pública madrileña. Con tan desastrosos resultados para a atención sanitaria e as arcas públicas, como estupendos para os intereses privados.

E PORQUÉ É PREXUDICIAL A PFI PARA OS USUARIOS E PARA A SANIDADE PÚBLICA?.

Ao longo de polo menos trinta anos ampliables a sesenta, unha gran parte dos fondos sanitarios destinados á atención, serán desviados para pagar aos propietarios privados do hospital uns enormes canons ou intereses. Haberá menos diñeiro para persoal médico, para enfermería, para renovar o equipamento, para a atención aos pacientes en definitiva, ...

Cada vez que o SERGAS precise mover un tabique, os donos do hospital porán problemas. E cada problema só ten unha solución: máis diñeiro.

A experiencia do Reino Unido demostra que a calidade da Sanidade Pública se desmorona. Algo que a sanidade-negocio necesita para estimularnos para acudir a ela.



TEMOS UN MES, ANTES DE QUE OS ORZAMENTOS DE 2010 SEXAN DISCUTIDOS NO PARLAMENTO DE GALICIA, PARA SALVAR O PROXECTO DO NOVO HOPITAL.

NELES TEN QUE HABER UNHA SUFICIENTE CONSIGNACIÓN DE FONDOS PARA INICIAR AS OBRAS.

SE NON É ASI, É QUE SE ENTREGA O NOVO HOSPITAL Á INICIATIVA PRIVADA.

Debemos impedirlo....podemos impedirlo

APOIA AGORA AO TEU HOSPITAL ACUDINDO Á MANIFESTACIÓN, ALGÚN DÍA O HOSPITAL AXUDARACHE A TI

MANIFESTACIÓN

**XOVES 29 DE OUTUBRO AS 20 HORAS
NO CRUCE DA GRAN VÍA CON URZÁIZ**